

## **OBRIGAS DURANTE ENCONTROS**

Todos os membros do Comité de Árbitros da Federación Galega de Balonmán teñen a obriga de facer cumprir as seguintes novidades da tempada 19/20:

- **FUNCIÓNS DELEGADOS DE EQUIPO:** Terán a responsabilidade de anotar os goles de cada xogador/a do seu equipo coa finalidade de contrastar e colaborar cos colexiados/as ao finalizar o encontro, prevalecendo sempre a decisión arbitral.

DEBER COLECTIVO ARBITRAL: Os colexiados/anotadores/cronometradores/as deben dirixirse aos delegados/as antes de comezar o encontro e recordar esta labor; ao finalizar o mesmo deberán cotexar os goles con eles, prevalecendo sempre a decisión arbitral en caso de non haber acordo cos goles de cada xogador/as. É inadmisíbel que os goles dos xogadores/as non estean correctos na acta.

- **BALÓN OFICIAL (2ª XORNADA):** A partir da 2ª xornada de liga os balóns oficiais e obrigatorios en todos os encontros de todas as categorías serán o Balón Hummel Arena e Hummel KIDS, inclúense neste acordo as categorías alevín e benxamín.

DEBER COLECTIVO ARBITRAL: De non presentar o balón oficial por parte do equipo locatario debe reflexarse na acta, xa que será sancionado por parte do Comité de Competición.

- **Nº XOGADORAS EN ACTA:** O número mínimo de xogadoras (tan só categorías femininas) en acta será de 10 nas categorías xuvenil e cadete e de 8 en categoría infantil; nas categorías inferiores o número mínimo será de 7 nas competicións de balonmán 7 e de 5 nas competicións de minibalonmán.

**DEBER COLECTIVO ARBITRAL:** Deben reflectir na acta sempre o número exacto de xogadores/as que están no encontro, nunca poñer mais xogadores/as dos/as que realmente están no encontro.

Na actual tempada estanse a gravar os encontros, polo tanto poderase comprobar a veracidade dos datos reflectidos nas actas, por este motivo insistimos en que se cumpra co balón oficial

- **SUBIR ACTA DIXITAL:** Todos os encontros oficiais da FGBM terán o acta subido de xeito dixital.

**DEBER COLECTIVO ARBITRAL:** Deben subir o acta do encontro antes das 00:00 horas do mesmo día de celebración do encontro.

O incumprimento de calquera destas obrigas será transmitido ao Comité de Competición para que actúe con respecto ao disposto no R.R.D.g.

En Vigo a 10 de outubro de 2019.

